

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. As retribucións básicas do persoal estatutario, segundo o Estatuto Marco, son:

- A) O soldo asignado a cada categoría en función do título esixido para o seu desempeño e os trienios
- B) O soldo asignado a cada categoría en función do título esixido para o seu desempeño, os trienios e o complemento específico
- C) O soldo asignado a cada categoría en función do título esixido para o seu desempeño, os trienios, o complemento específico e o complemento de destino
- D) O soldo asignado a cada categoría en función do título esixido para o seu desempeño, os trienios, o complemento específico, o complemento de destino e o complemento de atención continuada

2. Segundo o establecido na Lei de Saúde de Galicia, indique cal das seguintes afirmacións é falsa con respecto ao Servizo Galego de Saúde:

- A) O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo de natureza administrativa
- B) O Servizo Galego de Saúde foi creado pola Lei 8/1989
- C) O Servizo Galego de Saúde ten personalidade xurídica propia
- D) O Servizo Galego de Saúde está adscrito á Consellería de Sanidade

3. Segundo o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, no caso de que se obteña telemáticamente unha copia da lista en formato electrónico, ésta perderá o carácter de fonte de acceso público no prazo de:

- A) Un mes, contado dende o momento da súa obtención
- B) Seis meses, contados dende o momento da súa obtención
- C) Un ano, contado dende o momento da súa obtención
- D) Dous anos, contados dende o momento da súa obtención

4. Segundo o Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala cal non é un sistema de provisión:

- A) Concurso-oposición
- B) Reingreso provisional ao servizo activo
- C) Mobilidade
- D) Promoción interna

5. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, todos teñen unha serie de dereitos con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias. Dos seguintes, sinala cal é un deses dereitos:

- A) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias
- B) Cumprir as prescricións xerais da natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así coma as específicas determinadas polos Servizos Sanitarios
- C) Participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias, nos termos establecidos na propia Lei Xeral de Sanidade e nas disposicións que a desenvolvan
- D) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario, fundamentalmente no referido á utilización de servizos, procedementos de baixa laboral ou incapacidade permanente e prestacións terapéuticas e sociais

6. Segundo o establecido no artigo 10 da Constitución Española, sinala cal dos seguintes ítems non constitúe un fundamento da orde política e da paz social:

- A) a dignidade da persoa
- B) o dereito á protección da saúde
- C) o respecto á lei e aos dereitos dos demais
- D) o libre desenvolvemento da personalidade

7. Segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, co obxecto de actualizar os coñecementos de empregadas e empregados públicas, outorgarase preferencia na adxudicación de prazas para participar nos cursos de formación a quen se tivera incorporado ao servizo activo procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou tiveran reingresado dende a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, durante:

- A) Un mes
- B) Seis meses
- C) Un ano
- D) Dous anos

8. Segundo o Estatuto Marco o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase segundo varios criterios. Dos relacionados a continuación, sinala cal deles non é un criterio establecido no Estatuto Marco:

- A) Función desenvolvida
- B) Competencias adquiridas coa experiencia
- C) Nivel de título esixido para o ingreso
- D) Tipo de nomeamento

9. A efectos do indicado na Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, sobre o consentimento por substitución, no caso dos familiares, darase preferencia, no caso de existir, a:

- A) Os proxenitores
- B) O cónxuxe ou parella de feito
- C) Os descendentes
- D) Os titores legais

10. Segundo o definido no Estatuto de Autonomía de Galicia, con respecto ao seu Presidente, sinala a opción incorrecta:

- A) O Presidente ostenta a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia
- B) O Presidente dirixe e coordina a acción da Xunta
- C) O Presidente será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros
- D) O Presidente da Xunta será politicamente responsable perante o Presidente do Estado Español

1. Segundo a Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais serán almacenados de xeito que:

- A) Permitan o exercicio do dereito de acceso, aínda que sexan legalmente cancelados
- B) Non permitan o exercicio do dereito de acceso, aínda que sexan legalmente cancelados
- C) Permitan o exercicio do dereito de acceso, agás que sexan legalmente cancelados
- D) Non permitan o exercicio do dereito de acceso, agás que sexan legalmente cancelados

2. Atendendo ao establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala cal das seguintes opcións é falsa, con respecto ao sistema de promoción interna:

- A) A promoción realizaráse mediante unha reserva do cincuenta por cen das prazas convocadas
- B) Cando exista fase de oposición poderáse establecer a exención dun exercicio a aqueles aspirantes que procedan dunha categoría da mesma área funcional que as prazas a prover
- C) As prazas que non se provean polo sistema de promoción interna, acumularánse ás convocadas polo sistema xeral ao acceso libre
- D) Só está permitido promocionar dende o grupo de clasificación inmediatamente anterior